

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN EL CIELO DE COLOMBIA PARA LA CAPACITACIÓN EN TEMAS DE GASTRONOMÍA DE PERSOAS EN SITUACIÓN DE DESVENTAXA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Fundación ElCielo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o presente acordo ten por obxecto facilitar a capacitación en gastronomía de dúas persoas indicadas pola Fundación ElCielo, que forman parte do seu programa de integración como exintegrantes de Las Farc, que realizarán no CSHG da Axencia Turismo de Galicia un curso de seis meses de duración (do 10 de setembro de 2018 ao 8 de marzo de 2019) co programa elaborado polo dito CSHG, e que se detalla a continuación:

Nivelación (10 de setembro ao 05 de outubro de 2018)-4 semanas de prácticas internas

Rotación polas partidas de prácticas internas: Cociña no Restaurante Carta do CSHG, Servizos/sala no Restaurante Carta, Pastelería, Cociña en Ceas.

Primeiro Cuatrimestre (08 de outubro de 2018 ao 30 de xaneiro de 2019)- 7 semanas de prácticas internas/ 7 semanas de teoría

Alteraranse as semanas de formación teórica no CSHG con semanas de prácticas internas.

Asignaturas do Plan de Estudio:

Asignaturas	Créditos ECTS
Prácticas de Cociña I	20



Teoría de Cociña	6
Teoría e Práctica do Servizo	5
Hixiene dos Alimentos, Nutrición e Dietética	4
Matemáticas Comerciais	4
Psicoloxía e Comunicación	4
Economía e Contabilidade	6
Marketing I	3
Inglés I	6
Lexislación	3
Informática Aplicada I	4

Prácticas Internas de Cociña: rotación polas partidas Cuarto Frío, Cociña Central (buffet), Pastelería e Cociña no Restaurante Carta.

Reforzo Prácticas Internas (4 de febreiro ao 8 de marzo de 2019)- 5 semanas de prácticas internas

Rotación semanal polas partidas Cuarto Frío, Cociña Central (buffet), Pastelería e Cociña no Restaurante Carta.

2. O obxectivo do curso é a capacitación das participantes en gastronomía, para a súa integración laboral tras o conflito, que contribúa á consolidación da paz no seu país.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o acordo que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:



Primeiro.- O artigo 1 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, dispón que se crea a Axencia Turismo de Galicia como axencia pública autonómica, e terá como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos Camiños de Santiago.

Segundo.- Que Juan Manuel Barrientos Valencia coñecido no mundo gastronómico como Juanma e @juanmaelcielo, é un chef colombiano, empresario e líder de paz. É o creador e fundador da cadea de restaurantes ElCielo (Medellín, Bogotá, Miami).

Foi creador tamén dos restaurantes Blanco, Iwao e La Serenissima Venezia nas cidades de Medellín e Bogotá, a Fundación ElCielo e a empresa ElCielo Catering

Co compromiso de ir máis alá e de axudar a “cociñar a paz de Colombia” e coa firme convicción de que dita paz se constrúe unindo aos colombianos, ElCielo conformou fai varios anos a Fundación ElCielo, case dende a fundación do seu primeiro restaurante, a cal foi unha das pioneiras en Colombia en involucrar o tema da paz coa gastronomía. A Fundación ten por obxecto social apoiar e propiciar oportunidades para a capacitación de persoas en situación de desvantaxe física, social, psicolóxica ou económica, especialmente para os soldados vítimas da violencia, as persoas con discapacidades e os nenos, nenas e xóvenes en situación de risco, indíxenas, desmobilizados, desprazados, así como a implementación de programas de desenvolvemento social de interese xeral que propendan pola protección do medio ambiente e o desenvolvemento sostible das comunidades que interactúan con ese medio ambiente.

Para o logro dos seus obxectivos, entre outras, poderá desenvolver a capacitación académica en temas relacionados coa gastronomía e afíns, co propósito de proveelos dunha ferramenta de traballo de cara o futuro.

Terceiro.- A Fundación é un lugar onde se capacita en cociña (e as diversas áreas que compoñen a culinaria) a soldados feridos por minas anti persoa ou en combate, ex guerrilleiros, ex paramilitares, para que estean preparados nun oficio que lles sirva laborar na vida fora do conflito armado e tamén para que se reconcilien e perdoen cos seus antigos inimigos. O Restaurante ElCielo e a súa fundación convertíronse nunha organización incluínte onde ademais de traballar con soldados e ex guerrilleiros tamén capacita a nais cabezas de familia, esposas de soldados retidos, campesinos e indíxenas que se viron obrigados a abandonar o seu lugar de orixe (desprazados). A través de estes



anos foron máis de 300 persoas as capacitadas. ElCielo dona o 30% das súas ganancias anuais ao sostén de eses proxectos de responsabilidade social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

